

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2014.

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas
DÍA: 6 de outubro de 2014.
HORA DE COMEZO: 20:10 h.
HORA DE REMATE: 20:55 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Ledo Fernández.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 22 E 29 DE SETEMBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendentes de mellor estudo os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 22 e 29 de setembro de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras,

deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fixéanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

MENORES

EXPEDIENTE N° 23.444.- A Rosalia Bolibar Piñeiro, con enderezo en Urbanización Santa Teresa - calle 2 n° 26 Los Arroyos 28280 El Escorial - Madrid, para en Praia de Mendiña 60 - Aldan, repoñer un cerco de 24,00 metros con malla simple de torsión de 1,80 mi. De alto e colocación de unha porta de 3,00 metros de ancho, de conformidade coa documentación presentada e tendo que cumprir as determinacións da LOUGA e as condicións estabrecidas na autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de 28 de maio e autorización da Deputación Provincial de 5 de setembro de 2.013.

EXPEDIENTE N° 23.859.- LICENZA MUNICIPAL N° 22.852.- A Alberta Santos Gómez e Julio Perez Estevez, con enderezo en Alfredo Saralegui 19 - 4o - Cangas, outorgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras amparadas na

referida licenza, de conformidade co disposto no ar.t 197.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro", de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza.

2.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.4) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.6) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicación previas de obras e actividades:

OBRAS:

EXPEDIENTE N° 25.079.- Benito Lamarca Vázquez, cerco e garaxe en Fenteiras - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.143.- Estevan Malvido Rodriguez, colocación de estrutura metálica en fachada posterior de planta baixa en Avda. Ourense 93 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.204.- André Luis Juncal Faraia, limpeza e pintado de cuberta en San Xosé 28 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.207.- Rodrigo Fernandez Rial, reforma de fachada en Derribo 52 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.210.- Angel Fernandez González, reparacións exteriores en Derribo 54 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.214.- Maria Teresa Bernárdez Bernandez, cerco en Xistro - Coiro.
EXPEDIENTE N° 25.220.- Juan Manuel Lemos Portas, cambio de soleira de terraza en camiño da Saloa 18 - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.221.- José A.' Souto Saafigueroa, cambio de tella en Estrada a Magdalena Herbello 36 - Aldan. EXPEDIENTE N° 25.224.- Benigna Gregorio Otero, cerco en Pintens - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.225.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO REAL, reparacións interiores e exteriores en Rúa de Hio 1 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.095.- Xurxo Xoan González Conde, cercos en San Cibran - Aldan.

ACTIVIDADES:

EXPEDIENTE N° 1.549.- Teresa Solía Moarés, zapatería en Avda. De Marin 11 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.687.- Esther Broullón Chapela, comunicación de remate das obras e comprobación local.

EXPEDIENTE N° 1.727.- Alfonso Otero Mayo, cambio titularidade panadería en David Cal 3 - Hio.

EXPEDIENTE N° 1.732.- Marta Elena Prieguez González, cambio titularidade de venda polo miudo de doces en San Xosé 13 baixo - Cangas.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

4º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓNS VARIAS

4.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E NIF	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
-------------------	-----------------	--------------------------

SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE CANGAS	GRANXA DA RÚA-Coiro-Cangas	Granxa da Rúa-Coiro-Cangas. O sinal de pasaxe permanente deberase instalar na entrada norte das dependencias do Servizo de Protección Civil.
---	----------------------------	--

4.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E NIF	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
EMILIO BACELAR MARTÍNEZ NIF nº 35.280.587-J	Camiño da Fonte, nº 4- Espiñeira-Aldán.	Camiño da Fonte, nº 4- Espiñeira-Aldán. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

4.B) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN HORARIA PARA ESTACIONAMENTO NO CASCO VELLO

Vista a solicitude presentada o día 28.8.14 por RAQUEL LAHERA MOLANES, con enderezo na Avda. Félix Ozámiz, nº 10-4ºB-Coiro, na que indica que por ter discapacidade física demanda a ampliación horaria de estacionamento no casco vello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe desfavorable emitido o día 26.9.14 pola Policía Local, acorda denegar o pedimento realizado pola Sra. Lahera Molanes, porque a ampliación horaria solicitada de estacionamento no casco vello de Cangas non está permitida na vixente ordenanza.

4.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/PROBLEMÁTICA NA CONFLUENCIA DA AVDA. DE VIGO CO RÚA ÁLVARO GUITIÁN

Dáse conta de informe emitido o día 18.9.14 pola Policía Local, referente a diversas queixas pola pouca visibilidade nas inmediacións da confluencia da Avda. de Vigo coa Rúa Álvaro Guitián, que indica o seguinte:

"Nº. Rex. 1843/14

ASUNTO: PROBLEMÁTICA NA CONFLUENCIA DA AVDA. VIGO-ÁLVARO GUITIÁN

Os policía locais de Cangas, con NIP 052023 e A052033, por medio do presente, informan: que a instancia de DARÍO GIL HERMELO, veciño de Cangas, con enderezo en Rúa Subida á Torre do Galo, nº 12, no serán do día 18 de setembro de 2014, achegáronse ata a confluencia da Avda. Vigo coa Rúa Alvaro Guitián, xa que segundo indica no seu escrito de queixa, estanse dando certos problemas nas inmediacións da citada confluencia pola escasa visibilidade que provocan a proximidade de vehículos estacionados e a colocación de varios colectores de residuos sólidos urbáns, ao referido cruzamento.

Que unha vez no lugar (confluencia da Avda. Vigo -PO-551- coa Rúa Álvaro Guitián) poden comprobar como efectivamente a proximidade de vehículos estacionados e a presenza de dous colectores de residuos sólidos urbáns (na Avda. Vigo -PO-551-), crean un obstáculo á visibilidade, e por conseguinte, chegado o caso, pode provocar un accidente, como xa ten acontecido.

Que á vista distas circunstancias, sería aconsellable que por parte da administración responsable da vía, que en este caso é a Consellería de Obras Públicas da Xunta de Galicia, se sinalizara o lugar, prohibindo o estacionamento nunha distancia non inferior aos 25 metros da citada confluencia, colocando para que se respecte a zona hitos de vértice, e por parte do Concello de Cangas, dar as instrucións oportunas á empresa concesionaria da recollida de residuos sólidos urbanos, o traslado dos mencionados colectores de lixo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente o informe da Policía Local transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Que se procedan a realizar os trámites oportunos desde o Departamento da Oficina Técnica Municipal para que, por parte da empresa concesionaria da recollida de residuos sólidos urbanos, se trasladen os colectores de lixo para o lugar que se lle indique polo referido departamento.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao solicitante, así como, ao órgano competente nesa vía, á Consellería de Obras Públicas da Xunta de Galicia (achegando a documentación anexa á solicitude).

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

5º.- INFORMES S/ SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
CIVIS GLOBAL, S.L. Estrada de Madrid, nº 150 36.318- VIGO	AVAL	15.224,25 €	OBRA PAVIMENTACIÓN DO BARRIO DO FORTE E DOTACIÓN DE SERVIZOS (OBRA INCLUÍDA NO PAM-06)

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDE DE "AREA VIVA DEL MORRAZO, S.L.", PARA DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar a solicitude de devolución de garantía ao seguinte solicitante:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
AREA VIVA DEL MORRAZO, S.L. Rúa Antonio Nores, nº 17-3ºA-Cangas	AVAL	15.547,67 €	URBANIZACIÓN E INFRAESTRUTURA VIARIA QUE DEBERÁN EFECTUAR NA PARCELA 3 DA UNIDADE DE ACTUACIÓN 4.3 E 4.4 DO PROXECTO DE REPARCELACIÓN VOLUNTARIA

B) SOLICITUDE DA EMPRESA "PESCADOS MARCELINO" PARA MELLORA DO VIAL EN ESPIÑEIRA-ALDÁN

Vista a documentación presentada os días 8 de xullo e 2 de setembro do ano que andamos, pola empresa "PESCADOS MARCELINO", na que solicita a mellora do vial existente en Espiñeira-Aldán, polo que achega proxecto redactado o día 17.7.14 polo enxeñeiro técnico, Jose Manuel García Barros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada e dar a conformidade da Xunta de Goberno Local ao pedimento da empresa "PESCADOS MARCELINO", de mellora do vial existente en Espiñeira-Aldán.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao solicitante, así como, achegar ó Servizo Provincial de Costas de Pontevedra copia da solicitude presentada xunto co proxecto indicado.

C) SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN BIBLIOTECAS

Dase conta de proposta do concelleiro de Cultura do día 6.10.14, de solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas municipais do Concello de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA AO ABEIRO DA ORDE DO 23/09/2014, PARA MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS.

Publicada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a Orde do 23/09/2014, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede a súa convocatoria para o período do 1 de xaneiro de 2014 ata o 15 de abril de 2015 e reunindo o concello os requisitos que na orde se especifican, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local:

** Solicitar unha axuda ao abeiro da Orde do 23/09/2014, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede á súa convocatoria para o*

período do 1 de xaneiro de 2014 ata o 15 de abril de 2015, achegando os documentos que se especifican no artigo 4 da orde citada."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Cultura de solicitude de subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas municipais do Concello de Cangas.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente